



## Concello de Campo Lameiro

Expediente núm.: 371/2022

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Data de iniciación: 08/07/2022

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Proposta do Xefe de Persoal/do Servizo	13/07/2022	
Providencia de Alcaldía	13/07/2022	
Informe de Secretaría	14/07/2022	
Bases Xerais da Convocatoria	14/07/2022	
Informe de Fiscalización	14/07/2022	

Para a contratación de 3 peóns, 1 peón condutor e un xefe de brigada/capataz para a brigada de incendios municipal por duración de 3 meses para o ano 2022, en relación ao convenio coa Consellería do Medio Rural.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal referenciada e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

### RESOLVO

**PRIMEIRO.** Aprobar a cantidade de 24,283,95 euros, á que ascende a retribución e gastos derivados correspondente ás prazas obxecto de convocatoria.

**SEGUNDO.** Aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura da praza vacante arriba referenciada.

**TERCEIRO.** Convocar o proceso de selección por concurso para a cobertura das prazas arriba referenciadas.

**CUARTO.** Publicar a convocatoria xunto coas bases reguladoras do proceso selectivo no Taboleiro de Anuncios Municipal, e na Páxina Web do Concello, así como un anuncio no periódico de maior difusión de ámbito local

**SÉTIMO.** Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión nas probas de selección, aprobar a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, e publicar a relación no Taboleiro Municipal de Anuncios e na Páxina Web do Concello, para formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a súa exclusión.





## Concello de Campo Lameiro

---

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 3655F6YAFWAXPY7QW2KRTMR23 | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2